

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	8
3.1. Relación de unidades didácticas	9
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Neste documento expónse a programación didáctica para área de relixión católica en 2.º de Educación Primaria. Dita programación realízase para planificar o traballo docente durante o curso lectivo, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnos tanto a nivel temporal como no ámbito dos obxectivos, contidos e metodoloxías a utilizar que se exporán ao longo de presente documento.

Para a elaboración desta programación teremos en conta as instrucións da Orde do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e a elaboración da concreción curricular (Resolución do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26). Ademais do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación, ademais de seguir a lexislación vixente en materia de educación (ver apartado correspondente), relacionase directamente co Plan Xeral do Centro, aprobado polo claustro e consello escolar. Neste ámbito integra dentro da mesma os distintos plans ou documentos aos que fai referencia o documento anterior coma son o Plan Dixital, o Plan de Biblioteca, o Proxecto Lector, o Plan de Convivencia, etc... dedicándolle un apartado nesta mesma programación onde se describe a implicación desta materia nos mesmos.

1.1. A ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e as alumnas as aprendizaxes de:

- A expresión e comprensión oral.
- A lectura.
- A escritura.
- O cálculo.
- As habilidades lóxicas e matemáticas.
- A adquisición de nocións básicas da cultura.
- O hábito de convivencia.
- Os hábitos de estudo e traballo.
- O sentido artístico.
- A creatividade.
- A afectividade.

Co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria.

Principios pedagóxicos da etapa

- A Educación Primaria pretende desenvolver e asentir progresivamente as bases que faciliten a cada alumno ou alumna unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das áreas da etapa.

- Transversalmente, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, poñerase especial atención á orientación educativa, a educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

- A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado cunha perspectiva global e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

- Fomentarase o hábito e o dominio da lectura dedicando un tempo diario á mesma, mediante o fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes e contarase, sempre que sexa posible, coa colaboración das familias ou titores legais ou voluntariado.

- Para intensificar o fomento da integración das competencias, realizaranse proxectos significativos para o alumnado que resolverán tanto individualmente como de forma colaborativa, reforzando deste xeito a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- No proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral,

utilizando a/s lingua/s materna/s só como apoio.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.2.1. XUSTIFICACIÓN XERAL DA PROGRAMACIÓN

O obxectivo desta programación é planificar e organizar a acción docente ao longo do curso 2025/2026. Dirixir a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas na materia de Relixión Católica e ser unha guía que permita a eficiente transmisión de coñecementos ao alumnado e a mellor comprensión e asimilación destes.

Ter presente en todo momento a programación anual evita problemas derivados dunha actuación improvisada e/ou rutineira. Polo tanto, planificación e deseño da mesma deben ter en conta os diferentes aspectos a ter en conta, metas (competencias e obxectivos); os coñecementos, procedementos e condutas sobre os que imos traballar (contidos); as estratexias, métodos, actividades, instrumentos e medios que axudarán a conseguilo (metodoloxía); e, finalmente, o modo no que imos contrastar que o proceso que deseñamos serve para conseguir o que pretendemos (avaliación).

É evidente que o grupo de alumnos que nos atopamos nun aula non é homoxéneo e isto ten que contemplarse na programación didáctica, tendo en conta as súas características, a súa contorna, os seus intereses, as súas capacidades, etc.

E, dado que as características dos alumnos non son uniformes, a programación expón as medidas de atención á diversidade en coordinación co departamento de orientación para que os alumnos/as que o precisen poidan alcanzar os obxectivos e competencias do currículo ou ampliar os mesmos, no caso de altas capacidades.

1.2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA A ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA EN 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2026, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da

educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

1.3. CONTEXTUALIZACIÓN

O Colexio Plurilingüe Vila do Arenteiro é un centro concertado (centro privado sostido con fondos públicos) que se atopa na Urbanización de Corzos dentro do termo municipal de O Carballiño (a menos de 2 km. do seu centro urbano) pero é limítrofe co concello de Maside, xa que a vía que pasa por diante e unha pequena parte da superficie que ocupa pertencen a este segundo Concello.

A súa oferta educativa é a seguinte:

Escola Infantil (Educación Infantil de 0 a 3 anos).

- Educación Infantil de 3 a 6 anos.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.
- Tres aulas de Ed. Especial.
 - 2 Aulas de Psíquicos.
 - 1 Aula de Plurideficientes.

O centro educativo so ten unha liña que engloba dende 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 4º de Educación Secundaria.

A maior parte dos alumnos que entran na etapa de Educación Primaria proveñen da Etapa de Educación Infantil realizada no propio centro.

A urbanización na que se atopa e unha zona residencial formadas preferentemente por vivendas individuais (chalet), contando cunha zona común de esparcemento e un ximnasio privado con piscina climatizada. É limítrofe co Polígono Industrial da Uceira e a menos dun kilómetro dispón de dúas superficies comerciais dedicadas a alimentación.

A características da súa localización e que é unha edificación de dúas plantas nun paraxe natural idóneo para o contacto do alumnado ca natureza debido as amplas zonas axardinadas no seu interior e estar rodeado de zonas boscosas e praderío.

O centro dispón de dúas pistas deportivas, un pavillón cuberto e espazo para o entretemento nos momentos de lecer (recreos). Posúe laboratorio, sala de informática, comedor, biblioteca, aula de audiovisuais e de idiomas.

O nivel socio-cultural da poboación escolar é medio-alto; as familias compóñense por un ou dous proxenitores ao redor dos 35-40 anos de idade, cun ou dous fillos, xeralmente. É reseñable o incremento de novas formas de familia distintas á tradicional. A maioría de pais e nais do alumnado traballa fóra de casa. Moitos deles son profesionais liberais, funcionarios, profesores, comerciais, administrativos, etc. A maior parte ten unha formación media e moitos dispoñen de estudos universitarios, valoran positivamente a formación académica e cultural dos seus fillos e colaboran co centro.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) adoita encargarse dalgúns actividades como é a campaña de igualdade ou a recollida de xoguetes para os máis necesitados, tamén fomenta a lectura con sorteo de libros nas datas sinaladas.

O centro funciona con horario de mañá e tarde conforme ao horario exposto no apartado correspondente. As actividades deportivas e extraescolares desenvólvense os xoves e venres pola tarde.

O edificio consta de dúas plantas e catro zonas ben diferenciadas. No lateral dereito, visto dende a entrada, está a Escola Infantil e as tres aulas de Educación Infantil, no lateral dereito están as aulas de Educación Primaria e o acceso ao pabillón. No centro de dita planta baixa está a cociña e o comedor escolar, sendo os laterais da entrada os correspondentes a dirección e sala de profesores (dereita) e aula de Logopeda, Audición e Linguaxe e aula de Pedagogía Terapéutica. Na planta superior, na parte central están as aulas de Educación Secundaria, Informática e Tecnoloxía (parte posterior) e Biblioteca e aula de Inglés (anterior). No lateral esquerdo da parte superior está o Laboratorio, as dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, Apoio e Audiovisual.

O centro dispón dun espazo web (www.viladoarenteiro.com), a aula virtual para o alumnado é Workspace de G-Suite e utiliza as plataformas Abalar e Educamos para a comunicación cos pais onde mediante o seu nome de usuario e contraseña os alumnos ou pais (dependendo da plataforma) poden acceder e consultar as diferentes propostas dos profesores ou dirección do centro (véxase o epígrafe Plan Dixital do Centro). As aulas de clase son todas exteriores, ben iluminadas e ventiladas, e dispoñen do mobiliario e os materiais axeitados para o uso. Cada aula conta cun taboleiro dixital para apoio educativo. As instalacións exteriores son o patio, un ximnasio cuberto e dúas pistas de deportivas.

1.4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumno de Segundo de Primaria está caracterizado por unha serie de trazos evolutivos que afectan o seu desenvolvemento cognitivo, motriz, afectivo social e lingüístico.

Dimensión cognitiva.- Atópanse nun período de transición, accedendo ao estadio das operacións concretas (Piaget). Necesitan da manipulación para chegar á adquisición de conceptos, van coñecendo a través da súa experiencia persoal, observación- experimentación-solución. O seu pensamento é sincrético e analóxico, polo que establecen analogías sen realizar análise nin deducións. Van adquirindo o pensamento causal para a explicación dos feitos. Presentan características do pensamento máxico e superación progresiva do egocentrismo.

Dimensión afectivo-social.- Teñen aínda unha forte dependencia das súas figuras próximas, melloran o seu control emocional. Están a desenvolver o seu proceso de socialización, posúen os hábitos básicos para a vida en grupo, polo que van sendo capaces de entender e respectar as normas de convivencia. Inician un maior achegamento aos compañeiros e presentan unha maior dependencia deles. Tamén aumenta o interese polos xogos regrados, nos que se comparten normas cos demais. Van afianzando o seu autoconcepto e autoestima, moi influenciados pola imaxe que lle transmiten os demais.

Dimensión psicomotriz.- Están a consolidar o seu esquema corporal, afirmando a lateralidade, perfeccionando a psicomotricidade fina e grossa, van adquirindo progresivamente independencia dos segmentos corporais. A organización espacial e temporal está respectivamente relacionadas co seu corpo e as súas experiencias persoais.

Dimensión lingüística.- As experiencias que lle ofrecen a escola e os amigos, o acceso aos medios de comunicación e á lectura proporcionan ao alumno gran variedade de modelos e usos da linguaxe. Aprenden a variar o rexistro en función do contexto, a situación e os interlocutores. Adquiren novo vocabulario, logrando a ampliación e dominio do repertorio fonético, e unha mellora significativa da competencia lectora. Diminúen as formas demostrativas de egocentrismo.

En liña co anteriormente exposto, os principios metodolóxicos que van orientar a nosa práctica educativa en Primeiro de Primaria son os seguintes:

Metodoloxía activa

Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:

- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de Ensinanza/Aprendizaxe.

Motivación.- Consideramos fundamental neste ámbito partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo e a activa participación das familias na dinámica escolar.

Autonomía na aprendizaxe.- Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

- A utilización dunha linguaxe sinxela, claro e estruturado na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, en función do grao de habilidade e autonomía que requiren.
- A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Programación cíclica.- Integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido anteriormente e abren o coñecemento cara a novos temas.

Atención á diversidade do alumnado.- Tendo sempre en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Sensibilidade pola educación en valores.- O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización do alumnado fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia.

Avaliación do proceso educativo.- A avaliación do proceso educativo entendemos que ha de ser global, abarcando todos os aspectos do proceso educativo e propiciando a retroalimentación, con achega de informacións relevantes que permiten reestructurar a programación cando sexa preciso.

Este curso elixiron a materia de Relixión Católica 7 alumnos.

1.5. MARCO LEGAL

A modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) coa aprobación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, (LOMLOE), supuxo a regulación dunhas novas ensinanzas mínimas ¿para as etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato¿ a actualización dos currículos das áreas/materias/ámbitos que se impartían no sistema educativo galego e a publicación de nova normativa na Comunidade Autónoma de Galicia.

A programación seguindo a normativa exposta a continuación.

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26.

- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- LOE Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio.

- LEI ORGÁNICA 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (na súa versión consolidada).

- LOMLOE Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

- DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- REAL DECRETO 476/2013, do 21 de xuño, polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

1.7. HORARIO

Mércores

11:00 - 11:50

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deus quere que sexamos felices	Deus regálanos a vida co único obxectivo de que sexamos felices. Por iso, anímanos a coidala, celebrala e agradecela, porque sabe que a vida é o maior dos regalos. O título da unidade reflicte o desexo de Deus para todas as persoas: a felicidade. Por iso, a través da unidade móstranse outros regalos e a forma de coidalos para poder mantelos. Do mesmo modo, a aprendizaxe abordada desde o tema estrutúrase segundo o pensamento crítico desenvolvido na etapa, ademais de relacionarse cos saberes e destrezas básicas.	14	5	X		
2	María di Si	María é exemplo de valentía e confianza para todos os cristiáns e cristiás, pois as súas decisións e o seu «Si» a Deus marcou a historia demostrando a importancia de axudar sen esperar nada a cambio. O título da unidade reflicte a resposta de María ao ser elixida por Deus para ser a nai de Xesús. Deus pediu axuda a María, quen non dubidou en facelo, converténdose en exemplo de xenerosidade. Do mesmo modo, a aprendizaxe abordada desde o tema estrutúrase segundo o pensamento crítico desenvolvido na etapa, ademais de relacionarse cos saberes e destrezas básicas.	16	5	X		
3	Deus cóidanos e acompaña sempre	Deus regala a súa amizade a todas as persoas, pois cóidanos, acompañanos e ámanos infinito. Deste xeito, móstranos o valor da confianza e do coidado dos demais. O título da unidade reflicte a amizade con Deus, quen quere o noso ben e axúdanos a ser felices ao coidarnos cada día. Do mesmo modo, a aprendizaxe abordada desde o tema estrutúrase segundo o pensamento crítico desenvolvido na etapa, ademais de relacionarse cos saberes e destrezas básicas.	15	5	X	X	
4	Estou contigo	Deus ámanos infinito, por iso nos coida e axuda sempre, ensinándonos a actuar desde o amor igual que el o fai connosco. Para poñer isto en práctica, debemos ter en conta que a xenerosidade se leva a cabo de forma desinteresada.	14	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Estou contigo	O título da unidade reflicte a relación que nos une a Deus, quen sempre está presente e permanece ao noso lado para axudarnos cando o necesitamos, sendo exemplo de xenerosidade e mostrándonos o camiño do amor. Do mesmo modo, a aprendizaxe abordada desde o tema estrutúrase segundo o pensamento crítico desenvolvido na etapa, ademais de relacionarse cos saberes e destrezas básicas.	14	5		X	
5	Teño o corazón contento	Deus ábrenos as portas á súa familia a todos nós, pero o bautismo é a forma de pasar a formar parte dela. O bautismo é unha celebración na que comezamos a mirar desde o corazón e a ver todo o bo que temos diante e que podemos achegar. O título da unidade reflicte o amor de Deus, pois el anímanos a actuar desde o corazón e a axudar, coidar e amar os demais de forma desinteresada, tal e como el o fai coa súa gran familia. Do mesmo modo, a aprendizaxe abordada desde o tema estrutúrase segundo o pensamento crítico desenvolvido na etapa, ademais de relacionarse cos saberes e destrezas básicas.	15	5		X	
6	Sempre unidos	A unión entre persoas suma as virtudes de todas elas, polo que as fai máis fortes. Deus invita a súa familia a permanecer xuntos porque sabe que só así poderemos ser felices. O título do tema reflicte a importancia da unidade, pero ao longo dos diferentes puntos tamén se pon de manifesto a relevancia do respecto e do amor no mantemento desa unión. Do mesmo modo, a aprendizaxe abordada desde o tema estrutúrase segundo o pensamento crítico desenvolvido na etapa, ademais de relacionarse cos saberes e destrezas básicas.	14	5			X
7	Celebramos xuntos!	Os templos e as festas mais importantes da nosa contorna. Unha forma de comunicación e transmisión de cultura. Manifestacións tradicionais e culturais da zona: advocacións á María, patrón/patroa... Celebramos o inicio da pronta chegada do tempo de vacacións xuntos celebrando coa lectura dun relato bíblico de xeito especial: sobre como vivían os primeiros cristiáns. Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea, se procede. Corto: o valor de compartir. Álbum de Personaxes: Os pais de Xesús María e Xosé; e os seus avós: Xoaquín e	12	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Celebramos xuntos!	Ana, os pais de María Repaso de fin de curso ao tempo que preparamos a nosa carpeta de traballos, se temos.	12	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deus quere que sexamos felices	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respecto e coidado dos seus compañeiros/as de clase en diversas situacións É autónomo e, ademais está pendente de coidar e de colabora cos demais, se é preciso Respecta o cidado e limpeza no patio durante o recreo e nos momentos de entrada e saída do centro educativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.

UD	Título da UD	Duración
2	María di Si	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a amizade.	TI	100
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrindo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Trata a Biblia como libro sagrado que é con respecto e cariño Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo. - A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.

UD	Título da UD	Duración
3	Deus cóidanos e acompaña sempre	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermedando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica os signos do Advento como tempo de espera Identifica costumes e tradicións na súa familia, no Nadal Recoñece a Xesús coma o agasallo mais importante do Nadal Valora que a importancia do Nadal non son os agasallos senon compartir tempo cos seres queridos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
4	Estou contigo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermedando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Está pendente do novo alumnado e do que se queda só para traballos de grupo Defende os máis desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacións que considera inxustas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
5	Teño o corazón contento	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Entende que o paido fillo pródigo perdoa sempre ao seu fillo Interven nos conflitos, mediando as situacións de xeito pacífico	TI	100
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autocoñecemento persoal e as vivencias dos outros.	Nomea acontecementos importantes da vida de Xesús e é consciente do seu dor na Cruz É quen de perdoar en distintas situacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.

Contidos

- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.
- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.

UD	Título da UD	Duración
6	Sempre unidos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Defende os mais desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacións que considera inxustas Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para ser felices, na familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Entende que María, a nai de Xesús, e os apóstolos, tiveron momentos de moita alegría pero outros moi dolorosos e é quen de compartir os seus momentos alegres e complicados co resto dos compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.
- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
7	Celebramos xuntos!	5

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	É quen de identificar os cruceiros da súa contorna como manifestacións artísticas que recordan a Xesús na cruz Define a igrexa como lugar de encontro dos cristiáns	TI	100
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Manifesta respecto ao describir as festas do seu pobo como tradición vivida e compartida en comunidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - María, a Nai de Xesús. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A natureza propia da área, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que a metodoloxía se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial.

A metodoloxía debe partir da perspectiva do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, debe enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, debe ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas debe axustarse ao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos.

Un dos elementos fundamentais no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova proposta do seu papel, máis activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Do mesmo modo se debe favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas, e a tal fin, o profesorado ha de ser capaz de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e

valores presentes nas competencias. Co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Desde un enfoque baseado na adquisición das competencias clave cuxo obxectivo non é só saber, senón saber aplicar o que se sabe e facelo en diferentes contextos e situacións, obtaremos polas seguintes estratexias metodolóxicas:

- Formularemos diferentes situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado o desenvolvemento de distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, establecer diferenzas e semellanzas, recoñecer, localizar, aplicar, resolver, etc.
- Potenciarremos no alumnado a autonomía, a creatividade, a reflexión e o espírito crítico.
- Contextualizaremos as aprendizaxes de tal forma que o alumnado aplique os seus coñecementos, habilidades, destrezas ou actitudes máis alá dos contidos propios da área e sexa capaz de transferir as súas aprendizaxes a contextos distintos do escolar.
- Potenciaremos no alumnado procesos de aprendizaxe autónoma, nos que sexa capaz, desde o coñecemento das características da súa propia aprendizaxe, de fixarse os seus propios obxectivos, considerar interrogantes, organizar e planificar o seu traballo, buscar e seleccionar a información necesaria, executar o desenvolvemento, comprobar e contrastar os resultados e avaliar con rigor o seu propio proceso de aprendizaxe.
- Fomentaremos unha metodoloxía experiencial e investigativa, na que o alumnado desde o coñecemento adquirido se formule hipóteses en relación aos problemas formulados e mesmo comprobe os resultados destas.
- Utilizaremos distintas fontes de información (véxase apartado 4.2.), así como diversificar os materiais e recursos didácticos que utilizemos para o desenvolvemento e adquisición das aprendizaxes do alumnado.
- Promoveremos o traballo colaborador, a aceptación mutua e a empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe e nos forman como futuros cidadáns dunha sociedade cuxa característica principal é a pluralidade e a heteroxeneidade. Ademais, axudaranos a ver que se pode aprender non só do profesorado, senón tamén dos que nos rodean, para o que se deben fomentar as titorías entre iguais, así como procesos colaboradores, de interacción e deliberativos, baseados sempre no respecto e a solidariedade.
- Diversificaremos, como veremos no apartado correspondente, estratexias e instrumentos de avaliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro da Editorial Anaya
Recursos para o profesorado: Relixión Católica (Anaya)
Caminando por la Educación Primaria (unhamestradeprimaria.blogspot.com/)
Canal Youtube (https://www.youtube.com/@monicaperez4656)
Plataforma Abalar e Educamos - Comunicación coas familias.
Recursos persoais ou humanos

DIVIDIREMOS OS DIFERENTES RECURSOS EN:

- PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, .
- MATERIAIS: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, láminas de apoio visual, libros de consulta,...
- TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, etc.
- DIXITAIS: enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais.
- ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Non se precisa reunión de coordinación coa profesora da etapa anterior por ser a mesma para o alumnado que cursou o ano anterior neste centro.
- Revisión dos informes do ano anterior no caso de alumnos procedentes doutros centros educativos, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, etc ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
 - Barullo de ideas sobre as características básicas dos animais, plantas e do ser humano.
 - Fichas de avaliación inicial, tanto de elaboración propia coma dos recursos dixitais da editorial.
 - Actividades iniciais do libro de texto.

A partir desta avaliación trátase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	14	16	15	14	15	14	12
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores baseadas nas escalas de observación. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución do traballo no libro de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN - CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Parte actitudinal - 65%

- Aproveitamento do tempo.
- Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.
- Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as
- Respecto ás normas de funcionamento na clase.
- Atende e participa nas explicacións.
- Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

Parte conceptual. Análise das producións individuais - 25%

- O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.
- Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital) - 10%

- Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...
- Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

A cualificación da avaliación final será calculada a partir das tres avaliacións, sempre tendo en conta a evolución do alumno ao longo do curso.

Nota Final= 0,25 x 1ª Avaliación + 0,3 x 2ª Avaliación + 0,45 x 3ª Avaliación

Cráterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área, teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- O nivel de coñecementos.
- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

Sempre se terá en conta a avaliación global conforme aos criterios do apartado anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que cada neno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos. A nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar. Polo que será o docente quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta o criterio anterior á hora de levar a cabo esta programación.

Entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación

- Poderanse introducir programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo.

- Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Que polo de agora non se detectaron casos no grupo.

As medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, sempre en coordinación co equipo de orientación do centro:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas

ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais, etc...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita ao Templo da Veracruz, Mosteiro de Oseira ou ao Centro de Maiores do Carballiño.		X	
Crear un Belén no aula	Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén que irá por todas as aulas do colexio e á visita ao xeriátrico	X		
Lecturas felices no patio	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos		X	
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no Nadal			X

Observacións:

Participación en festividades, campañas, celebración, etc., tales como:

- 31 de outubro de 2025: Día do ensino/Samaín
- 10 de novembro de 2025: Día da Igrexa Diocesana: "Grazas por tanto".
- 20 de novembro de 2025: Día Internacional da Infancia.
- 25 de novembro de 2025: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 2-8 de decembro de 2025: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2025: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 8 de decembro de 2025: Festividade da Inmaculada Concepción.
- 10 de decembro de 2025: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 14 de xaneiro de 2026: Día Mundial da Relixión ou Día Internacional das Relixións.
- 24 de xaneiro de 2026: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2026: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2026: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2026: Día Internacional da Muller.
- Do 9 ao 13 de marzo de 2026: Semana da Prensa. Un día desta semana se traballará na aula cos periódicos.
- 15 de marzo de 2026: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 1 de abril de 2026: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2026: Día Mundial da Saúde.
- 20-24 de abril de 2026: Semana do Libro
- 2 de maio de 2026: Día Internacional contra el Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2026: Día de Europa.
- 17 de maio de 2026: Día das Letras Galegas.
- 11-15 de maio de 2026: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2026: Día Mundial do Medio Ambiente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
Metodoloxía empregada
PLANIFICACIÓN
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
DESENVOLVEMENTO
Medidas de atención á diversidade
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE
Clima de traballo na aula
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Descrición:

Nos seguintes apartados expoñense os cuestionarios para avaliar o proceso do ensino e a practica docente. Sendo de 1-5 (1 moi pouco e 5 moi ben) os indicadores de logro. Os cuestionarios realizaranse online mediante as ferramentas de Google Workspace.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Avaliación inicial e medidas adoptadas tras os resultados desta.
2. Adecuación ás características do alumnado.
3. Secuenciación e temporalización dos contidos das unidades didácticas.
4. Realización de actividades e retos.
5. Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
6. Agrupamentos do alumnado.
7. Materiais e recursos didácticos postos en xogo.
8. Adecuación dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.
9. Instrumentos de avaliación.
10. Criterios de cualificación.
11. Medidas e respostas de atención á diversidade do alumnado.
12. Actividades complementarias e extraescolares planificadas e levadas a cabo.
13. Grao de satisfacción do alumnado coas aprendizaxes realizadas.
14. Grao de satisfacción do profesorado co proceso de ensino realizado.

PLANIFICACIÓN

1. Planifica a área tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos.
2. Planifica a área adaptándose ao tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia os contidos tendo en conta as particularidades do alumnado.
4. Adecúa a tipoloxía de actividades e as estratexias metodolóxicas en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as sesións de clase de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Contextualiza os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación para o seguimento do progreso da aprendizaxe dos alumnos e alumnas ás súas características.

DESENVOLVEMENTO

1. Sintetiza as ideas fundamentais aprendidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Mostra predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento ao alumnado.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula e facilitar a súa aprendizaxe.
6. Formula actividades grupais e individuais.
7. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
8. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
9. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da área e o nivel.
10. Dálle resposta ao alumnado que presenta diferenzas na aula.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa e valora, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das distintas tarefas e actividades e como poden melloralas.
5. Utiliza suficientes situacións de aprendizaxe que garantan a participación de todo o alumnado.
6. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
7. Utiliza diferentes técnicas e instrumentos de avaliación en función das situacións de aprendizaxe formuladas.
8. Emprega distintos medios para informar das avaliacións de xeito continuado ao alumnado e á familia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

É imprescindible facer unha avaliación do deseñado nun primeiro momento e o aplicado posteriormente na aula para considerar o impacto que aquilo programado e planificado tivo na mellora dos rendementos escolares do alumnado. Trátase dunha práctica reflexiva por parte dos que conformamos o equipo docente valorando logros, anotando dificultades e recollendo propostas de mellora para futuras implementacións na aula.

Esta autoavaliación docente, e mesmo coavaliación, perseguirá analizar a intervención docente na aula, os recursos utilizados, os tempos, os espazos, as formas de organizar o grupo, os instrumentos de avaliación utilizados, as medidas inclusivas aplicadas, as diferentes claves levadas a cabo... Tamén se inclúe nesta reflexión a coordinación dos equipos docentes, o clima no traballo colaborador, a organización e outras cuestións relacionadas co funcionamento do grupo e do propio centro.

Esta avaliación apoiarase en diversidade de instrumentos que faciliten a reflexión non só cuantitativa, senón cualitativa, baseada na propia observación. Froito das anotacións, analizaranse de xeito reflexivo e proactivo de cara á mellora dos procedementos empregados para que garanta aprendizaxes de éxito no alumnado. Un diario ou un anecdotario son exemplos de instrumentos sinxelos de utilizar e do que se poden obter valoracións de grande interese. Tamén escalas de observación e «listas de cotexo» que permitan analizar o deseño, a aplicación e o impacto do programado. É interesante ter claros os criterios sobre os cales nos imos basear para facer estas autoavaliacións. Entre outros, os que a continuación se propoñen serán referentes para analizar fortalezas e dificultades para que, sobre estas valoracións, se elaboren propostas de mellora.

9. Outros apartados

1. Nada que indicar

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na lei de convivencia (LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro) suscribindo esta programación ao establecido no Plan de Convivencia incluído no P.X.A. do curso correspondente. Ademais é compromiso difundilo no centro: Profesorado, Titores, Departamento de Orientación, Equipo directivo e Consello escolar. Aplicar as medidas correctoras que se estimen adecuadas cando se produza unha incidencia: [1] - Pasar ao XADE tanto as faltas de puntualidade como as faltas de asistencia canto antes. [2] - Dialogar co alumnado. [3] - Informar ou pedir información ás familias, os titores oa ao Depart. de Orientación sobre a conduta do alumnado. [4] - Empregar a aula e o parte, se é preciso, de atención á diversidade cando sexa preciso.